

Guía didáctica "Let it snow"

ODE realizado nunha licenza por formación no curso 2021/22
Consellería de Educación, Universidade e F.P. Xunta de Galicia

Yolanda Cobas Fernández



Obxectivos

- ▶ Coñecer a estación do inverno e a celebración do Nadal.
- ▶ Identificar e debuxar formas básicas e tamaños.
- ▶ Coñecer diferentes técnicas e materiais básicos para a creación de obras plásticas.
- ▶ Observar diferentes texturas nas composicións artísticas.
- ▶ Manexar recursos e materiais propios da materia.
- ▶ Realizar composicións tridimensionais.
- ▶ Respetar as normas e coidar os materiais e espazos, traballando con limpeza e coidado.
- ▶ Describir as creacións propias e alleas cun vocabulario sinxelo.

Contidos

- ▶ Valoración da limpeza, orde e presentación dos traballos.
- ▶ Interese por usar axeitadamente os instrumentos artísticos.
- ▶ Curiosidade e satisfacción na exploración de diferentes materiais.
- ▶ Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, volumes, texturas...
- ▶ Observación das posibilidades artísticas da contorna.
- ▶ Expresión oral das impresións que a obra artística xenera.
- ▶ Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos.

Crterios de avaliación

- ▶ Rematar as tarefas propostas no tempo asignado.
- ▶ Identificar e utilizar os materiais, texturas, formas e cores propostas, experimentando coas súas posibilidades artísticas.
- ▶ Utilizar correctamente o material de traballo.
- ▶ Representar, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos da linguaxe visual.
- ▶ Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade.
- ▶ Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a súa presentación.

Estándares de aprendizaxe

- ▶ Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.
- ▶ Utiliza os materiais de traballo correctamente.
- ▶ Identifica figuras xeométricas básicas.
- ▶ Describe o que sente ou pensa sobre as creacións propias e alleas.
- ▶ Elabora colaxes, volumes e outras obras empregando as ferramentas e técnicas básicas.
- ▶ Respecta as normas e coida os materiais.

Metodoloxía e orientacións didácticas

- ▶ A metodoloxía de aplicación seguirá o modelo AICLE/CLIL, caracterizado por ter un enfoque globalizador e integrador das aprendizaxes, pola vertebración lingüística do currículo a través da estrutura de cada área, pola integración de contidos e linguas e pola potenciación e o aproveitamento das TIC.
- ▶ A presentación dos contidos a través das TIC permite abordar varias opcións de traballo, procurando a que máis se axuste ás necesidades do alumnado co que traballamos. O alumnado pode ter á súa disposición os materiais con antelación para poder visualizar as explicacións ao seu ritmo, reservando o tempo na aula para a resolución de dúbidas e o traballo práctico.

Actividades propostas

- ▶ Let's start! Presentación da estación do Nadal cunha canción. Actividade plástica introdutoria en gran grupo para decorar a aula.
- ▶ Snowy winter town. Realizar unha composición que representa unha rúa nevada.
- ▶ A Christmas tree. Deseñar e ensamblar unha árbore de Nadal coa técnica de tecido de papel.
- ▶ Snowflakes. En gran grupo experimentaremos coa creación de neve artificial. Tamén se propón unha tarefa de copos de neve con pintura en sal.

Avaliación e retroalimentación

- ▶ A avaliación das tarefas terá dúas compoñentes: autoavaliación e heteroavaliación por parte do mestre/a.
- ▶ Realizaranse mediante unha **rúbrica**, que permitirá comparar os resultados de ambas avaliacións e procurar o consenso.
- ▶ A avaliación mediante rúbricas ofrece a posibilidade de reflexionar sobre o propio traballo, así como de obter unha retroalimentación comprensible por parte do profesorado.